

# Material de apoio para a realización dos comentarios

1-

## MASACCIO: TRIBUTO DA MOEDA. CAPELA BRANCACCI. FLORENCIA



Pintura ó fresco realizada por Masaccio na primeira metade do século XV, é pois unha obra renacentista do Quattrocento italiano, momento no que a Florencia dos Medici é o principal centro cultural.

A familia Brancacci patróns da capela, encargou a súa decoración

O Tributo da moeda encontrase no muro lateral esquerdo do altar no nivel superior, a carón da Expulsión de Adán e Eva do Paraíso.

Os frescos da Capela Brancacci, que moitos denominan a Sixtina do Quattrocento, serán tidas en conta polos pintores posteriores, o mesmo Miguel Anxo as terá como referente cando se encargue da bóveda da Capela Sixtina en Roma.

A obra narra o episodio evanxélico no que Cristo, convencido de que “cómpre dar ó César o que é do César”, manda a Pedro que cumpra con esta obrigaón, primeiro recollendo o óbolo que hai que pagar da boca dun peixe (aí o milagre) e despois pagándollo ó recadador. A escena, polo tanto, ten tres momentos ben diferenciados e os tres se representan no cadro:

-En primeiro termo, no centro, o momento no que o recadador, de costas, pide o imposto para soste o templo de Xerusalén, e Cristo imperativamente manda a Pedro a cumprir con esa obrigaón.

-O segundo, á esquerda, cando Pedro, nun escorzo bastante forzado, recolle o óbolo da boca do peixe morto; feito que en si constitúe o milagre dese episodio evanxélico, pero aquí resulta tratado dun xeito bastante marxinal.



-O terceiro, á dereita, cando Pedro paga ó recadador que se encontra ó lado dun poste (orixe do término imposto).



Mais as tres escenas non seguen unha orde cronolóxica,. Non se trata de exaltar o milagre en si, como sería normal na arte medieval, senón sobre todo de exaltar unha actitude, unha postura ética, nese caso a de Cristo, que manda pagar o imposto e cumprir así coas obrigas cívicas dunha maneira decidida.


Desde o punto de vista plástico tamén a obra resulta revolucionaria. Destaca en primeiro lugar porque fixa a nosa atención no grupo central, que adquire aparencia de masa compacta, de bloque como remarcando o sentido de solidariedade e de unidade dos apóstolos co seu mestre.

A paisaxe do fondo, que tamén nos recorda a Giotto, practicamente deserta, insiste na idea plástica máis característica do seu autor, a rotundidade das formas, moi debuxadas nos fondos, a súa plena volumetría chea de forza expresiva e vigor.



Hai que subliñar tamén a individualizacións dos apóstolos tanto no seu aspecto físico coma nos estados de ánimo, moi notable nas dúas figuras de Pedro.






*meiros da arte*

---

2-

## BOTICELLI :2NACEMENTO DE VENUS, c. 1482-85



Obra ó temple sobre táboa, en formato apaisado, realizada por encargo de Lorenzo de Médici para decorar o seu palacio florentino, facía parella coa [Primavera](#), as dúas obras conforman un programa iconográfico que tería como tema o reinado de Venus, a beleza, sobre a terra.

Venus, de pé sobre unha venera, avanza sobre as augas, empurrada á costa polo sopro de Céfiro (o vento frío do oeste) e a súa esposa Brisa (vento suave) entre unha chuvia de rosas que son a flor sagrada da deusa; ó tempo Flora, deusa da vexetación e da Natureza, espera na beira para cubrila cun manto de flores. A escena sitúase nunha paisaxe mariña.

Trátase pois dun tema mitolóxico: Venus naceu pura da espuma do mar despois que Cronos cortara os testículos de Urano e estes caeran ó mar.

Emprega un esquema triangular cun eixo central, Venus, e dúas diagonais laterais que pechan e equilibran a composición.

Na Venus recupera o nu, recatado pese á súa disposición frontal ó adoptar a postura das "venus púdicas" que xa retomara Masaccio a principios do século na [Expulsión de Adán e Eva](#) do Paraíso. Temos unha figura feminina de tamaño case natural que mira de fronte cubréndose puorosamente pero sen vergoña da súa nudez.

A única sensación de profundidade é a producida pola liña ondulante da costa, que se empequecece ó fondo, e o mar, suxerido por unhas pequenas ondas debuxadas en v, que parece caer ós pés do espectador.

Mostra, en cambio, interese en suxerir movemento, máis ficticio que real, por medio do efecto dos ventos que empurran a cuncha en dirección de esquerda a dereita e que repercute na postura da deusa, en marcado contraposto, nos seus cabelos, no manto e nas roupas de Flora, nas ondas do mar no primeiro término, aínda que sempre ondas esquemáticas, e nas rosas.

